

ENCUNTROS VIRTUAIS XUNTA-UE

Competitividade e Cohesión *Preparando o marco financeiro post-2027*

DATA e LUGAR	4 de xuño de 2025, en liña
ORGANIZACIÓN	Fundación Galicia Europa
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Economía e Industria ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Medio Rural ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Consellería de Política Social e Igualdade ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Introducción

A directora da oficina da Fundación Galicia Europa (FGE) en Bruxelas, Ana Ramos, inaugurou e moderou unha nova edición dos 'Encontros virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas. Un representante da Comisión Europea e Norberto Penedo, director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), abordaron o Marco Financeiro Plurianual (MFP) posterior a 2027 dende o punto de vista da competitividade.

Na súa intervención, Ana Ramos salientou a oportunidade que supuxo esta sesión para **coñecer mellor o proceso de reflexión que está en marcha sobre o futuro orzamento da UE, que definirá as prioridades e os recursos dispoñibles para os vindeiros anos**, cunha énfase clara na autonomía estratéxica, a dobre transición ecolóxica e dixital, e un crecemento sostible e cohesionado. A directora da oficina da FGE en Bruxelas explicou que **a entidade segue este proceso coa máxima atención ao mesmo tempo que traballa na defensa dunha política de cohesión forte, cunha dotación orzamentaria suficiente e cunha definición e xestión descentralizada.**

Pola súa banda, a Comisión Europea expuxo os obxectivos do próximo MFP, cuxa proposta se agarda para o mes de xullo. **O novo orzamento pretende ser máis simple de manexar e máis flexible para facer fronte aos futuros desafíos. Estará, ademais, orientado a resultados e contará con plans para cada país con reformas e investimentos clave, deseñados e aplicados en asociación coas autoridades nacionais, rexionais e locais. Un novo Fondo Europeo de Competitividade** está chamado a establecer a capacidade de investimento suficiente para apoiar sectores estratéxicos e tecnoloxías críticas.

Norberto Penedo, entre tanto, achegou a visión galega, a cal defende que competitividade e cohesión non son conceptos opostos, senón complementarios. Como mostra da contribución de Galicia á competitividade global da UE destacan os **Proxectos Industriais Estratéxicos (PIE), figura autóctona que axiliza procedementos, así como aqueles proxectos galegos que xa recibiron o Selo STEP**, cos que o executivo comunitario identifica iniciativas estratéxicas para a autonomía industrial europea.

Resumo da reunión

1. DOCUMENTOS MARCO DA NOVA COMISIÓN EUROPEA

A Comisión von der Leyen II (2024-2025) adoptou unha serie de documentos fundamentais que constitúen a base conceptual e estratéxica para o próximo período de programación financeira, os cales definen as prioridades temáticas e os enfoques metodolóxicos que caracterizarán as políticas europeas nos próximos anos:

- **Compás para a Competitividade da UE, documento marco** que contén as medidas principais que o executivo comunitario ten previsto adoptar para reforzar a competitividade europea, representando a aposta estratéxica da UE por manter e mellorar a súa posición competitiva no contexto global.

- **Pacto por unha Industria Limpa**, que **reflicte** o compromiso continuado coa transición ecolóxica pero dende unha perspectiva máis orientada á competitividade industrial, buscando conciliar os obxectivos ambientais coa necesidade de manter e desenrolar a capacidade industrial europea.
- **Plan de Acción por unha Enerxía Asumible**, que responde ás preocupacións sobre os custos enerxéticos e á necesidade de garantir a enerxía a prezos razoables, tanto para os cidadáns como para as empresas.
- **Comunicación sobre a ruta cara o próximo marco financeiro plurianual**, que **establece** o marco conceptual dentro do cal se desenrolará a proposta definitiva. Este documento constitúe a base sobre a que se articulará toda a arquitectura financeira do próximo período.
- **Revisión a medio prazo da política de cohesión para o período 2021-2027**, que **establece** unha serie de pautas, criterios e liñas directrices para a posible reprogramación de fondos no actual marco financeiro.

2. REVISIÓN INTERMEDIA DA POLÍTICA DE COHESIÓN

Constitúe un exercicio particularmente significativo porque ademais de abordar os desafíos do período actual, **proporciona indicios sobre as orientacións temáticas que caracterizarán tamén o próximo período de programación**. Así, por exemplo, o concepto de “investimentos duais” (civil-militar) pasou de ser un tema periférico a converterse en central, incentivándose especialmente na revisión intermedia da política de cohesión.

A Comisión Europea **propón voluntariamente ós Estados membros proceder á reprogramación de fondos perseguindo dous obxectivos fundamentais**, que revelan tanto as dificultades do presente como as orientacións do futuro:

- 1) **Acelerar o gasto**, unha necesidade que xorde da constatación de **que o gasto de cohesión se atopa actualmente nunha cifra tan baixa como o 7%**. Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta o avanzado período de programación actual, o que **suxire importantes problemas na capacidade de execución dos programas tal como foron deseñados inicialmente**.
- 2) **Concentrar os recursos en determinadas áreas temáticas específicas**, para o cal a Comisión Europea ofrece incentivos financeiros moi atractivos, consistentes nunha **taxa de cofinanciamento do 100% e un prefinanciamento do 30% para aquelas áreas que se consideren prioritarias**. As áreas identificadas como prioritarias inclúen **vivenda, auga e algunhas áreas relacionadas coa defensa**, selección que anticipa en certa medida as prioridades temáticas da nova comisión.

A revisión intermedia está en curso e agárdase que os Estados membros e as rexións presenten propostas de reprogramación que permitan ter cara ó final do ano ou principios do próximo unha serie de programas nacionais e rexionais adoptados dentro deste novo marco. **Este proceso constitúe unha sorte de laboratorio para probar enfoques e metodoloxías que posteriormente poderían incorporarse ó próximo marco financeiro plurianual.**

3. O PRÓXIMO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL

3.1. A proposta do novo MFP

Sairá á luz -previsiblemente- o 16 de xullo e conterá:

- **A proposta de MFP para o próximo período** (a partir do 2028), pero tamén unha serie de propostas legislativas que acompañarán e complementarán o marco orzamentario.
 - **Os plans únicos** (aínda que o nome definitivo non está). Constitúen unha das principais novidades e representan cambio significativo con respecto ó modelo actual de programación. A idea é que o novo MFP incorpore elementos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) nunha proposta para a política de cohesión. **Agárdase que o principio de asociación, non tan desenvolvido no MRR como na política de cohesión tradicional, se incorpore a este debate.**
 - **A proposta para a nova xeración de programas de cohesión**, que incorporará elementos e aprendizaxes derivadas da experiencia do MRR. Esta nova xeración de programas **pretende combinar os obxectivos tradicionais da política de cohesión cun modelo de xestión parcialmente baseado na metodoloxía do MRR.**
 - **A proposta para o novo Fondo Europeo de Competitividade**, que constitúe unha das principais novidades institucionais do próximo período e que **pretende concentrar recursos e actuacións orientadas especificamente ó reforzamento da competitividade europea.** O Fondo estruturaríase en diferentes "fiestras" temáticas (v.g. "descarbonización", a semellanza do modelo actual de InvestEU, ou "dixital", enfocada nas **prioridades STEP**), entre as que **non está prevista unha fiestra con carácter social.**
 - **As propostas para unha serie de programas xestionados pola Comisión Europea que conservarán o seu carácter autónomo sen formar parte do Fondo Europeo de Competitividade**, fundamentalmente por razóns de especificidade técnica ou de xestión que aconsellan manter a súa autonomía.

Unha das cuestións que permanece aberta é o papel que xogará a política agrícola común (PAC) no novo marco. Existe un debate intenso sobre se formará ou non parte dos programas únicos para cada Estado membro ou se manterá fóra destes. Este debate afecta tanto á parte de axudas directas a gandeiros e agricultores como ó desenvolvemento rural, e a súa resolución terá implicacións importantes na arquitectura final do novo marco financeiro.

3.2. Obxectivos

a) Simplificación

Non se concibe como un simple axuste de procedemento, senón como unha **transformación estrutural do sistema de xestión dos fondos europeos**. A súa manifestación máis visible son os plans únicos por Estado membro, (independentemente de cal sexa a súa denominación definitiva), mediante os que a **multiplicidade actual de programas nacionais e rexionais (máis de 500 segundo a Comisión Europea)**, sería reducida de maneira drástica, idealmente ata un plan único por Estado membro.

Non obstante, esta simplificación aparente pode ocultar **complexidades importantes, xa que implica desafíos moi significativos de coordinación dentro de cada Estado membro**, e posteriormente na coordinación coa Comisión Europea, **creando unha estrutura de xestión máis complexa da que podería parecer nunha primeira aproximación ó concepto de simplificación**.

Este modelo toma como referencia máis próxima o MRR, onde no **caso de España** existe un plan único organizado por compoñentes no cal **a implicación das rexións ten sido considerablemente menor que nos programas tradicionais de política de cohesión**. Esta diferenza na participación rexional constitúe unha das principais preocupacións sobre como se articulará efectivamente este novo modelo. Con todo, a Comisión Europea sinala que o papel das rexións seguirá sendo fundamental e nos Estados membros que así o desexen continuará habendo unha implicación rexional importante.

b) Orientación a resultados

Obxectivo tomado da experiencia do MRR e que representa un **auténtico cambio de paradigma** na forma de xestionar os fondos europeos, **pasando dun sistema tradicional baseado en financiamento ou reembolso de custos a un sistema baseado en fitos e obxectivos**.

	Base	Explicación
Sistema tradicional	Reembolso de custos	O pagamento realízase por ter gastado unha cantidade determinada: os beneficiarios realizan investimentos e posteriormente presentan facturas á administración correspondente para o seu reembolso, sempre que se cumpran cos criterios de elixibilidade establecidos.
Novo sistema	Fitos e obxectivos	O pagamento realizaríase por ter acadado unha serie de resultados concretos e medibles, sen ter en conta custo incorrido.

c) Flexibilidade

Implica fundamentalmente non asignar todos os recursos de maneira previa (*ex ante*) como ocorre no marco actual. No sistema vixente realizase un reparto por Estado membro no que se establece un sobre nacional cunha indicación tamén de canto corresponde a cada rexión: as menos desenvolvidas reciben máis fondos, as de transición reciben unha cantidade intermedia e as máis desenvolvidas reciben menos fondos. **Cada rexión conta posteriormente co seu programa específico, pero a totalidade dos recursos asignados a cada Estado quedan distribuídos de maneira exacta desde o inicio do período de programación.**

Porén, no próximo período, quérese deixar unha **parte dos recursos sen asignar inicialmente e proceder á súa asignación probablemente cada ano, dependendo de cales sexan as prioridades que existan en cada momento.**

3.3. Outras medidas

a) Instrumentos financeiros

Quérese outorgar máis espazo ós instrumentos financeiros fronte ó modelo tradicional baseado fundamentalmente en subvencións. Existe a **percepción de que hai unha dependencia excesiva das subvencións** no modelo actual e que unha **maior utilización de instrumentos financeiros** como préstamos, garantías ou instrumentos de capital **podería mellorar tanto a eficiencia dos recursos como a súa capacidade de mobilización de investimento privado.**

b) Mecanismo de transferencia de fondos

Deséxase establecer mecanismos de transferencia de fondos (en principio voluntarios, pero con incentivos importantes) **dende a política de cohesión cara programas de xestión directa por parte da Comisión Europea.** Isto busca proporcionar maior flexibilidade ó sistema, ó permitir que recursos inicialmente asignados a política de cohesión poidan **reorientarse cara instrumentos de xestión máis centralizada cando as circunstancias o aconsellen ou cando poidan conseguirse mellores resultados a través desta vía.**

c) Principio de “non causar un prexuízo significativo”¹

Preténdese **establecer criterios únicos para todos os fondos**, xa que, actualmente, as esixencias para o MRR son moi superiores ás que existen para a política de cohesión, o que xera incoherencias e diferenzas de trato que poden resultar problemáticas. Este **enfoque busca tanto a coherencia do sistema como a garantía de que todos os investimentos financiados con fondos europeos cumpran cos mesmos estándares ambientais.** Para isto, **elaborarase unha guía única que se aplique a todos os fondos.**

¹ Refírese a obxectivos ambientais, segundo o establecido no [Regulamento](#) 2020/852 relativo ó establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles.

3.4. Desafíos e cuestións pendentes

a) Definición dos custos *ex-ante*

A **dificultade de establecer custos realistas *ex-ante*** representa un dos grandes desafíos e un dos principais cambios que implica un sistema baseado en fitos e obxectivos fronte ó tradicional sistema de reembolso de custos. Esta cuestión constitúe, segundo a experiencia do MRR, un auténtico pesadelo administrativo e técnico, xa que **determinar previamente os custos de proxectos complexos, especialmente os grandes proxectos de infraestrutura, resulta extraordinariamente complicado**, posto que poden estar suxeitos a múltiples variables e continxencias durante a súa execución.

Esta dificultade técnica ten ademais implicacións financeiras fundamentais, dado que, se os Estados membros conseguen os seus fitos e obxectivos con recursos inferiores ós previstos inicialmente, **a Comisión Europea non poderá recuperar a diferenza, ó tratarse dun sistema baseado en resultados**. Este constitúe precisamente **un dos principais problemas do MRR actual, xa identificado polo Tribunal de Contas Europeo²**.

b) Concentración climática e dixital

Mantense aberto o **debate sobre se se conservará, e a que niveis, a obrigatoriedade de concentración climática e dixital que caracteriza os programas en vigor**. Actualmente, na política de cohesión establécese un 30% para clima e un 20% para o obxectivo dixital, mentres que no MRR as porcentaxes son do 37% para clima e 20% para dixital.

Isto **entra en conflito co obxectivo de flexibilidade mencionado anteriormente**, dado que unha parte dos fondos teñen que estar concentrados obrigatoriamente nunhas áreas temáticas específicas. Porén, **ó tratarse de prioridades fundamentais e obxectivos a longo prazo da Comisión actual, parece esencial manter o esforzo de inversión** nestas áreas prioritarias, ó tempo que se mantén a credibilidade das políticas europeas. **Esta cuestión aínda non está resolta e continúa a debate**.

c) Distribución rexional de fondos

A **política de cohesión mantén o tradicional principio de concentración de fondos nas rexións menos desenvolvidas** (en termos de volume e temático). **Este principio está a ser cuestionado no actual debate**, aínda que non se agarda a eliminación da concentración de fondos nas rexións menos desenvolvidas, senón unha modificación da porcentaxe. **As razóns son fundamentalmente dúas:**

- 1) No marco da política de cohesión existen problemas para gastar, especialmente nas rexións menos desenvolvidas, todo o que está asignado a estas rexións.
- 2) Esta situación coexiste co feito de que a Comisión Europea non ten fondos suficientes para dedicar recursos a prioridades temáticas ou a crises.

² **Informe especial 13/2024** (A absorción de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia) e **Informe especial 22/2024** (Dobre financiamento con cargo ó orzamento da UE).

Xérase así un **paradoxo entre concentrar fondos en rexións menos desenvolvidas que non son capaces de gastar todo o que se lles asigna e, por outro lado, ter prioridades de investimento noutras áreas e noutras rexións sen dispor de fondos suficientes para atendela adecuadamente.** Un exemplo ilustrativo disto é a eficiencia enerxética. As cidades configúranse como lugares onde as necesidades enerxéticas dos edificios son enormes e as necesidades de investimento son grandísimas. Porén, a maior parte das cidades e grandes áreas metropolitanas da UE están situadas en rexións máis desenvolvidas, co cal a dispoñibilidade de fondos para abordar estas necesidades é escasa.

Esta tensión entre necesidades de investimento e dispoñibilidade de recursos está en discusión para tratar de atopar fórmulas que permitan conciliar ambos os dous obxectivos.

d) Taxa de cofinanciamento

As taxas de cofinanciamento constitúen outro elemento problemático do sistema actual: a súa diversidade dependendo do tipo de fondo considérase un problema importante ó xerar distorsión e competencia entre fondos. **O debate agora céntrase en establecer criterios de elixibilidade (na medida do posible) e taxas de cofinanciamento harmonizados, con independencia do fondo ó que se acuda.**

Un dos exemplos máis claros desta competencia dáse entre o MRR e os fondos da política de cohesión, de execución máis baixa. O MRR non só ten un período de vencemento máis próximo (2026), senón que en moitos casos beneficiase dunha taxa de cofinanciamento do 100% (e mesmo nalgúns casos vai máis aló, se os custos estimados foron máis elevados que o custo final real dos proxectos executados).

e) A desaparición da “transición xusta”

Existe un cambio conceptual e terminolóxico de gran calado: **o concepto de "transición xusta" será substituído polo de "transición limpa"**, unha noción máis asociada a o Fondo de Innovación. Este axuste non é simplemente semántico, senón que reflicte unha reorientación fundamental dos obxectivos.

Na práctica, cando se fala de transición xusta, **o concepto queda moi ligado ás rexións intensivas en carbono**, como son os casos de Polonia e Alemaña, principais receptores do actual Fondo de Transición Xusta. **Unha transición xusta máis ampla, como é o caso do sector do automóbil, non ten un encaixe claro nos novos instrumentos que se están deseñando e quedaría fóra do paraugas dun posible financiamento específico, no caso de existir.**

Feitos como a ausencia dunha "ventá social" no Fondo Europeo de Competitividade confirman que as transicións sectoriais non serán unha prioridade central. **A única vía de apoio dependerá da inclusión destas prioridades nos novos plans nacionais únicos, deixando a decisión final a expensas da vontade e flexibilidade de cada Estado membro.**

POLÍTICAS GALEGAS DE COMPETITIVIDADE E DESENVOLVEMENTO REXIONAL

1. PRIORIDADES

1.1. Unha nova prioridade: a Estratexia de Espazo, Seguridade e Defensa

Evolución natural do traballo que se viña desenvolvendo desde 2015 en materia de desenvolvemento aeroespacial. Esta evolución implica unha **transición desde un enfoque estritamente civil cara ás aplicacións duais**, recoñecendo que **todo o desenvolvemento previo ten unha clara posibilidade de aplicación en ámbitos de seguridade e defensa**.

Esta transición responde ó recoñecemento de que **parte dos desafíos europeos actuais pasan por reforzar as capacidades tecnolóxicas en materia de seguridade e defensa**. A estratexia **aproveita as capacidades previamente desenvolvidas** para dar resposta a estas novas necesidades, maximizando o valor dos investimentos realizados durante a década anterior.

❖ Obxectivos estratéxicos

○ Apoio ó ecosistema empresarial

Impulso ó crecemento das empresas do ecosistema, para que poidan aplicar as súas capacidades ós sectores do espazo e da defensa. Este obxectivo abarca **tanto a expansión das empresas existentes como a atracción de investimentos industriais específicos para desenvolver industria relacionada con estas tecnoloxías e capacidades**.

○ Desenvolvemento de capacidades produtivas

Reforzamento das capacidades produtivas do territorio, o que inclúe o acceso a infraestruturas especializadas, a dispoñibilidade de capital para financiar proxectos innovadores e o desenvolvemento de talento especializado mediante esquemas formativos específicos.

○ Liderado rexional

O liderado rexional implica converterse nunha referencia nacional en materia de política industrial para os sectores de espazo, seguridade e defensa. Este liderado debe sustentarse tanto en resultados concretos como na capacidade de articular iniciativas que transcendan o ámbito autonómico.

❖ Mobilización de recursos

A estratexia contempla un **investimento público directo de 183 millóns de euros, o que permitirán mobilizar preto de 900 millóns de euros adicionais**. Isto conseguirase mediante:

- **A activación de programas tanto nacionais como europeos** nos que se poidan presentar iniciativas específicas relacionadas coa estratexia.
- **A capitalización privada de todas as iniciativas e proxectos que se poñan en marcha**, o que resulta fundamental para garantir a sostibilidade e viabilidade das iniciativas, así como para maximizar o impacto dos recursos públicos investidos.

❖ Programas específicos

- **Programa “Ecosistema”**

Dotado con **84 millóns de euros**, busca **tecer alianzas con socios estratéxicos e tecnolóxicos a través dos denominados “Acordos de asociación”**, co propósito de fomentar o crecemento conxunto de empresas tanto do ámbito da defensa como alleos, ó redor da súa cadea de valor.

- **Programas de incorporación e consolidación**

Dotado con **34 millóns de euros**, xestionaranse directamente desde o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e centraranse na **prestación de asesoramento, apoio financeiro e servizos especializados ás empresas galegas**, recoñecendo a diversidade de situacións e capacidades existentes no territorio.

- **Programa para investimentos duais**

Dotado con **65 millóns de euros**, **artículase mediante un fondo específico de capital risco e préstamos participativos**. Este programa inclúe tamén outras iniciativas orientadas a apoiar a creación de novas infraestruturas duais que poidan servir tanto para aplicacións civís como militares.

1.2. A dobre transición verde e dixital

Fundamental para aliñarse coas prioridades europeas, esta aproximación recoñece que **as transicións verde e dixital non son procesos independentes, senón que requiren unha integración sistemática na que a innovación actúa como elemento transversal**. Tamén responde á necesidade de non illar procesos que na realidade están intrinsecamente relacionados.

- **Transformación verde:** abarca dimensións ambientais, sociais e económicas que requiren enfoques integrados para garantir a viabilidade a longo prazo das iniciativas empresariais.
- **Transformación dixital:** implica non só a adopción de novas tecnoloxías, senón tamén a renovación dos modelos de negocio e a capacitación dos recursos humanos.

1.3. Intelixencia Artificial

Elemento transformador que está a configurar un novo paradigma económico. Desenvólvese un **dobre enfoque que aborda:**

- **Desenvolvemento de compoñentes tecnolóxicos específicos:** oportunidade para posicionar Galicia como un territorio capaz de xerar valor engadido no ámbito tecnolóxico máis avanzado.
- **A implantación de solucións prácticas para as empresas galegas:** busca mellorar a súa competitividade e produtividade mediante a adopción de ferramentas de IA adaptadas ás súas necesidades específicas.

1.4. Ciberseguridade

A ciberseguridade presenta **desafíos particulares derivados da resistencia empresarial á adopción de medidas preventivas**, o que se manifesta especialmente entre aquelas empresas que aínda non experimentaron ataques cibernéticos nas súas propias estruturas. A ciberseguridade ten un carácter ineludible no contexto actual polo que **resulta fundamental promover comportamentos empresariais responsables que garantan o éxito futuro**.

A abordaxe da ciberseguridade require un **enfoque integral que combine a sensibilización empresarial coa provisión de ferramentas e servizos especializados**. Isto implica tanto a **promoción de boas prácticas como o desenvolvemento de capacidades técnicas** que permitan ás empresas galegas afrontar os desafíos cibernéticos de forma efectiva.

1.5. Innovación empresarial

Marco de longo prazo que abarcará múltiples ámbitos da innovación, focalizándose especialmente na **transformación dixital, no desenvolvemento de novas solucións dixitais e na incorporación de novas capacidades en materia de sostibilidade** (entendida de forma ampla, abarcando non só aspectos ambientais senón tamén dimensións sociais e de gobernanza empresarial).

Tamén se desexa **promover desenvolvementos en materia de goberno corporativo**, recoñecendo que as empresas do futuro requiren estruturas de gobernanza máis sofisticadas e adaptadas ós novos desafíos reguladores e sociais.

1.6. Industrialización

Non se pode esquecer a capacidade de xeración de maior capacidade industrial, o que require un pulo significativo ó investimento para crear máis industria e reforzar a base produtiva do territorio.

1.7. Pemes

Os servizos avanzados ás pemes abarcan desde o asesoramento técnico especializado ata o apoio financeiro, pasando por servizos de formación e capacitación. A prestación destes servizos require unha continua modulación e adaptación ás necesidades cambiantes do tecido empresarial galego.

2. INSTRUMENTOS FINANCIEROS E POLÍTICA DE INCENTIVOS

A experiencia acumulada do IGAPE demostra a existencia dunha **diversidade de necesidades que obriga a manter un enfoque pragmático que combine diferentes tipos de apoio segundo as características específicas de cada iniciativa empresarial.**

Un énfase da Comisión Europea nos instrumentos financeiros en detrimento das subvencións debería ser obxecto dunha discusión máis ampla, **xa que os incentivos para determinadas actuacións non sempre pasan polos primeiros.** Esta observación resulta especialmente relevante para a capacidade de atracción empresarial, que a partir dun certo tamaño de proxecto require enfoques máis sofisticados que poden incluír subvencións directas.

3. CONSIDERACIÓNS SOBRE O MARCO EUROPEO

3.1. Necesidade de flexibilización reguladora

Especialmente necesaria no momento actual, no que os desafíos de competitividade global requiren **respostas máis áxiles e adaptadas ás realidades do mercado internacional.** Debe permitir o impulso da nova industria europea e o desenvolvemento de novas capacidades europeas, o que **non implica eliminar controis ou garantías, senón adaptar os marcos reguladores para que sexan máis efectivos na promoción da competitividade global.**

3.2. Reforma dos marcos de incentivos

O momento actual require que Europa revise os marcos reguladores en materia de incentivos, axudas e instrumentos financeiros para favorecer a capacidade competitiva das empresas europeas. Esta revisión debería orientarse a mellorar a posición competitiva global das empresas europeas, non limitándose a comparar instrumentos entre países europeos.

3.3. Papel das grandes empresas

As grandes empresas deben ser consideradas como entes tractores que poidan beneficiarse das iniciativas de promoción da competitividade, enfoque que as converte en activos estratéxicos.

3.4. Tratamento diferenciado das *mid-cap*

Resulta fundamental diferenciar entre as grandes empresas e as empresas de **capitalización media (*mid-cap*), que requiren un tratamento diferenciado que recoñeza as súas características específicas.** A aproximación do seu tratamento ó das pequenas e medianas empresas representa unha liña de reflexión que merece consideración.

3.5. Simplificación Administrativa

A simplificación administrativa constitúe unha demanda xeneralizada de todas as entidades empresariais e representa un dos principais obstáculos para a competitividade europea. Os requirimentos reguladores van facéndose progresivamente máis complexos con cada novo marco comunitario, xerando dificultades tanto para os xestores como para as empresas.

3.6. Equilibrio entre sustentabilidade e competitividade

Este equilibrio require enfoques sofisticados que eviten considerar a sustentabilidade e a competitividade como obxectivos contrapostos. A sustentabilidade debe converterse nun factor de competitividade, non nun obstáculo para a mesma, o que require marcos reguladores e políticas de apoio que faciliten esta integración.

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE-Xunta e Comisión Europea examinan o rol da competitividade no próximo orzamento da UE**
- **Noticia FGE- A Comisión Europea leva a cabo a revisión a medio prazo da política de cohesión para o período 2021-2027**
- **Análise FGE- O Compás para a Competitividade da UE**
- **Comunicación da Comisión Europea. A ruta cara o próximo marco financeiro plurianual**